

3. Tramitación e procedemento: ordinaria e aberto.

4. Orzamento base de licitación: é de cento cincuenta e cinco mil cento setenta e dous euros con corenta e dous céntimos de euro (155.172,42 €), máis vinte e catro mil oitocentos vinte e sete euros con cincuenta e oito céntimos de euro (24.827,58 €) en concepto de IVE, resulta un total de cento oitenta mil euros (180.000 €).

5. Adxudicación:

a) Data: 4 de febreiro de 2009.

b) Contratista: *Indra Sistemas, S.A.*

c) Nacionalidade: española.

d) Importe de adxudicación: é de cento vinte e catro mil cento trinta e sete euros con noventa e tres céntimos de euro (124.137,93 €), máis dezanove mil oitocentos sesenta e dous euros con sete céntimos de euro (19.862,07 €) en concepto de IVE, resulta un total de cento corenta e catro mil euros (144.000 €).

-Expediente 58/2008.

1. Entidade adxudicadora: Consellería de Traballo.

a) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.

2. Obxecto do contrato:

a) Tipo de contrato: obra.

b) Descrición do obxecto: obra de acondicionamento dun local para oficina de emprego en Lalín-Pontevedra.

c) Boletín ou diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: *Diario Oficial de Galicia* nº 212, venres 31 de outubro de 2008.

3. Tramitación e procedemento: ordinaria e aberto.

4. Orzamento base de licitación: é de douscentos trinta e cinco mil douscentos tres euros con trinta e catro céntimos de euro (235.203,34 €), máis trinta e sete mil seiscientos trinta e dous euros con cincuenta e tres céntimos de euro (37.632,53 €) en concepto de IVE, o que supón un orzamento total de douscentos setenta e dous mil oitocentos trinta e cinco euros con oitenta e sete céntimos de euro (272.835,87 €).

5. Adxudicación:

a) Data: 13 de marzo de 2009.

b) Contratista: *Feyju Galicia, S.L.*

c) Nacionalidade: española.

d) Importe de adxudicación: é de cento oitenta e oito mil setecentos noventa e tres euros con dez céntimos de euro (188.793,10 €), máis trinta mil douscentos seis euros con noventa céntimos de euro (30.206,90 €) en concepto de IVE, resulta un total de douscentos dezanove mil euros (219.000 €).

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2009.

José Vázquez Portomeñe
Secretario xeral da Consellería de Traballo

AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Cédula do 18 de marzo de 2009 pola que se notifica a apertura do período de proba no expediente sancionador por infracción urbanística (107 C 2008/63-0), devolta polo servizo de correos por resultar ausente do seu enderezo.

A inspectora do Servizo de Inspección Urbanística III acordou, con data do 23 de febreiro de 2009, a apertura dun período de proba no expediente sancionador por infracción urbanística nº 107 C 2008/63-0, incoado a Sara Carmen López Pérez, na súa condición de técnica redactora do proxecto e directora das obras, pola execución de obras de instalación de equipamentos deportivos, no lugar de Viladaíde, na parroquia de San Cosme de Barreiros, no concello de Barreiros, provincia de Lugo.

Ao non poderse realizar a notificación persoal daquela resolución, mediante a presente cédula, e ao abeiro do disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), notifícaselle á interesada o devandito acordo.

Tendo en conta que, en atención ao previsto no artigo 61 da LRXPAC, o acto non se publica na súa integridade, fáiselle saber ao interesado que o texto íntegro da resolución que se notifica se encontra ao seu dispor nas dependencias da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística sitas no edificio Witland-Salgueiriños, en Santiago de Compostela.

Para que conste e lle sirva de notificación á citada denunciada en cumprimento do disposto no artigo 59.5º da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, expido e asino esta cédula.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2009.

Hipólito Pérez Novo
Director da Axencia de Protección da Legalidade
Urbanística

PORTOS DE GALICIA

Resolución do 12 de marzo de 2009 pola que se aproban os plans de utilización dos espazos portuarios dos portos de Vilanova de Arousa e Portonovo (Sanxenxo) e a modificación substancial do plan de utilización dos espazos portuarios do porto de Sada-Fontán (Sada).

En cumprimento do artigo 19.2º da Lei 27/1992, de 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, modificada pola Lei 62/1997, do 26 de decembro, e do artigo 96 da Lei 48/2003, do 26 de

novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral do Estado, aplicables ao dominio público portuario competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en defecto de lexislación autonómica propia, a área de explotación e planificación do ente público Portos de Galicia redactou e tramitou os plans de utilización dos espazos portuarios dos portos de Vilanova de Arousa e Portonovo (Sanxenxo), ambos os dous na provincia de Pontevedra, e a modificación substancial do plan de utilización dos espazos portuarios do porto de Sada-Fontán (Sada), na provincia da Coruña.

En reunión do Consello de Administración de Portos de Galicia, que tivo lugar o día 5 de marzo de 2009, segundo o disposto no artigo 13e) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do ente público, modificado polo Decreto 83/2002, de 28 de febreiro, e do referido artigo 96 da Lei 48/2003, acordouse dar conformidade aos plans de utilización dos espazos portuarios dos portos de Vilanova de Arousa e Portonovo (Sanxenxo) e á modificación do plan de utilización dos espazos portuarios de Sada-Fontán, así como eleválos e propoñelos para a súa aprobación.

Unha vez vistos os expedientes e os informes proposta da xefa da Área de Explotación e Planificación de Portos de Galicia do 30 de xaneiro e 25 de febreiro de 2009, que contan coa conformidade da dirección do ente público, así como o acordo do Consello de Administración de Portos de Galicia dando a conformidade aos plans de utilización dos espazos portuarios de Vilanova de Arousa e Portonovo (Sanxenxo) e á modificación do plan de utilización dos espazos portuarios de Sada-Fontán e elevándoos e propoñéndooos para a súa aprobación.

O presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, por delegación da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, conferida pola Orde do 22 de outubro de 2008,

RESOLVE:

Primeiro.-Aprobar o plan de utilización dos espazos portuarios do porto de Vilanova de Arousa (Pontevedra), redactado en xaneiro de 2007 polos enxeñeiros de camiños, canais e portos José Manuel Moure Vieites e Javier Blanco Rodríguez-Moret, pola UTE Iceacsa-Proyfe, e por Andrés Daniel Cervantes Refojos, enxeñeiro da Área de Explotación e Planificación de Portos de Galicia.

Segundo.-Aprobar o plan de utilización dos espazos portuarios do porto de Portonovo (Sanxenxo - Pontevedra), redactado en marzo de 2006 polos enxeñeiros de camiños, canais e Carlos Martínez Bustelo e David Pardiñas Lamas, pola UTE Iceacsa-Proyfe, e por Andrés Daniel Cervantes Refojos, enxeñeiro da Área de Explotación e Planificación de Portos de Galicia.

Terceiro.-Aprobar a modificación do plan de utilización dos espazos portuarios do porto de Sada-Fon-

tán (A Coruña), redactada en xuño de 2008 por Ana Isabel Calzadilla Bouzón, xefa da Área de Explotación e Planificación de Portos de Galicia.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2009.

Jacinto Parga Fernández
Presidente de Portos de Galicia

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Resolución do 26 de marzo de 2009 pola que se anuncia o concurso de proxectos, con intervención de xurado, para seleccionar a mellor proposta a nivel de anteprojecto para a contratación da redacción do correspondente proxecto técnico -básico e de execución- e da dirección de obra para a reurbanización do barrio de Monteporreiro (Pontevedra). (Expediente DTS04-09).

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Instituto Galego da Vivenda e Solo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Dirección Técnica de Solo.

c) Número de expediente: DTS04-09.

2. Obxecto do contrato:

Descrición: concurso de proxectos, con intervención de xurado, para seleccionar a mellor proposta a nivel de anteprojecto para a contratación da redacción do correspondente proxecto técnico -básico e de execución- e da dirección de obra para a reurbanización do barrio de Monteporreiro (Pontevedra).

3. Premios.

Establécense os seguintes premios:

-Un primeiro premio de 30.000 €.

-Un segundo premio de 15.000 €.

-Dous accésit de 6.000 € cada un.

A obtención do primeiro premio outorgaralle ao gañador o dereito a optar á adxudicación, polo procedemento previsto nos artigos 160 e ss da LCSP, de acordo co establecido no artigo 158 d) do mesmo texto legal, do contrato de servizos consistente na redacción do proxecto básico e de execución en misión completa, así como a dirección de obra, por un importe máximo inferior a 86.206,90 € de valor estimado e 13.793,10 € de IVE, cun prazo máximo de execución de tres meses no referente á redacción do proxecto técnico.

4. Membros do xurado.

Presidenta: a secretaria xeral da Consellería de Vivenda e Solo.